# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2014.

| Sres. Asistentes: | |
|---|---|
| **Sr. Alcalde:**<br>D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.<br>**Sres. Concelleiros:**<br>Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ<br>D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.<br>D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO<br>Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA<br>D. JOSE JUAN VILAR RICO.<br>D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO<br>Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.<br>Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO.<br>Dª MARTA SEIJAS DIAZ.<br>D. EMILIO MESIAS FARIAS.<br>D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.<br>D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.<br>**SR. SECRETARIO.:**<br>D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ. | No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e sete minutos do día vintecinco de setembro de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.<br>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos: |

Antes de entrar nos asuntos incluídos na Orde do Día, polo Sr. Alcalde-Presidente manifestase que de acordo coa reunión mantida cos traballadores de Día de Ares, se somete a votación do Pleno a seguinte Declaración Instituciónal :

***" A Corporacion Municipal de Ares quere manifestar o seu total apoio as reinvindicacións dos traballadores e traballadores de Dia Market de Ares, polos despidos da plantilla que se pretenten levar a cabo como consecuencia do retorno desta franquicia o establecemento comercial, por este motivo a Corporación de Ares, respalda as diferentes movilizacións e accións que se emprendan en apoio á plantilla e o restablecemento dos seus postos de traballo"***

Sometido a votación o asunto o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación á Declaración Institucional.

## PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2013.

Atendido que durante dito prazo de información pública non se formularon reparos ou reclamacións.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor, 6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL, e 6 votos en contra, (4 PP e 2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación a Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio de 2013.

**PUNTO NÚM 2.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS CORRECCIÓNS INTRODUCIDAS NA ORDENANZA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DO PREZO PÚBLICO.**

Sometido a votación o asunto o Pleno do Concello por 11 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, e 1 de NAL) e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda:

1º.- Tomar en Consideración as correcións introducidas na Ordenanza do Servicio de Axuda no Fogar e do Prezo Público en consencuencia aprobar incialmente a ordenanza e o prezo público que se transcribe como Anexo ó presente acordo:

2º.- Procede-la exposición pública por espacio de 30 días mediante publicación de anuncio no B.O.P. os efectos, de alegacións, entendendose definitivamente aprobado no caso de non presentarse reclamacións, sen necesidade de posteriores publicacións.

**ANEXO:**

**ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARES**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, ***dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente***, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Ares , de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

**CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1º.- Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Ares.

**Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Ares.

**Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo**

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

   Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

   a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
   b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
   c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
   d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
   e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
   f) Retardar ou evitar a institucionalización.
   g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

**Artigo 4º.- Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

I. Asistencia para levantarse e deitarse.

II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

II. Compra de alimentos e outros productos de uso común.

III. Preparación dos alimentos.

IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.

V. Apoio á unidade familiar.

VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estructuración familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restriccións na participación social das persoas.

c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

d. Adaptacións funcionais do fogar.

e. Servizo de podoloxía.

f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

**Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

**Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8. A coñeceren a situación do seu expediente.

9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

**Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7. Respectar a dignidade persoal e profesioal das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

**Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

a. A renuncia da persoa usuaria.

b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidad co servizo de axuda no fogar.

b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

c. Falecemento da persoa usuaria.

d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

e. A falta reiterada de pagamento do servizo.

f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

2. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo,

deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

**Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circusntancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

### *SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS*

**Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Ares ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

**Artigo 11º.- Requisitos específicos**

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| Número de persoas usuarias | Persoal técnico mínimo |
|---|---|
| 50 a 99 | 1 técnico/a titulado/a xornada completa |
| 100 a 199 | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| 200 a 399 | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| Incrementos sucesivos | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa |

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Ares, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

    a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

    b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo I desta ordenanza.

    c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Ares e a persoa usuaria, segundo o Anexo II desta ordenanza.

    d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

*SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

**Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Ares , cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

   a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

      I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

      II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.

      III. Certificado de convivencia.

      IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.

V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. As solicitudes presentadas serán valoradas polos técnicos/as dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo III

c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

   No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a Tecnico municipal. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola

vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo II I desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

**Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo II I desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo I desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

**Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuidas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

**Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3.- Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará íntegramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos intresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.
Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual minima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordó cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

**Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

**Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demáis supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| Capacidade económica | Grao I | Grao II | Grao III |
|---|---|---|---|

| (referenciada ao IPREM) Ata | <=20 h | <=45 h | <=70 h |
|---|---|---|---|
| 100,00 % | 0,00 % | 0,00 % | 0,00 % |
| 115,00 % | 4,52 % | 9,61 % | 14,70 % |
| 125,00 % | 5,41 % | 11,50 % | 17,58 % |
| 150,00 % | 5,55 % | 11,79 % | 18,03 % |
| 175,00 % | 5,65 % | 12,00 % | 18,35 % |
| 200,00 % | 5,72 % | 12,16 % | 18,60 % |
| 215,00 % | 5,81 % | 12,34 % | 18,87 % |
| 250,00 % | 6,03 % | 12,82 % | 19,61 % |
| 300,00 % | 6,24 % | 13,26 % | 20,29 % |
| 350,00 % | 6,42 % | 13,63 % | 20,85 % |
| 400,00 % | 6,54 % | 13,90 % | 21,25 % |
| 450,00 % | 6,63 % | 14,09 % | 21,55 % |
| 500,00 % | 6,70 % | 14,25 % | 21,79 % |
| >500 % | 6,76 % | 14,36 % | 21,97 % |

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

| % Capacidade económica (referencia da ao IPREM) Ata | Grao I | | | Grao II | | | Grao III | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas |
| | <=15 | | | <=28 | | | <=45 | | |
| 100,00 % | 0,00 % | 12,87 % | 13,76 % | 0,00 % | 22,73 % | 24,29 % | 0,00 % | 35,51 % | 37,95 % |
| 115,00 % | 5,98 % | 13,10 % | 14,00 % | 10,56 % | 23,12 % | 24,71 % | 16,50 % | 36,13 % | 38,61 % |
| 125,00 % | 7,15 % | 13,39 % | 14,31 % | 12,63 % | 23,64 % | 25,26 % | 19,73 % | 36,94 % | 39,47 % |
| *150,00 %* | 7,34 % | 13,52 % | 14,44 % | 12,95 % | 23,87 % | 25,50 % | 20,24 % | 37,29 % | 39,85 % |
| 175,00 % | 7,47 % | 13,61 % | 14,54 % | 13,18 % | 24,03 % | 25,67 % | 20,60 % | 37,54 % | 40,12 % |
| 200,00 % | 7,57 % | 13,76 % | 14,70 % | 13,36 % | 24,29 % | 25,96 % | 20,87 % | 37,96 % | 40,56 % |
| 215,00 % | 7,68 % | 13,83 % | 14,78 % | 13,56 % | 24,42 % | 26,09 % | 21,18 % | 38,16 % | 40,77 % |
| 250,00 % | 7,98 % | 13,96 % | 14,91 % | 14,09 % | 24,64 % | 26,33 % | 22,01 % | 38,50 % | 41,14 % |
| 300,00 % | 8,25 % | 14,06 % | 15,02 % | 14,57 % | 24,82 % | 26,52 % | 22,77 % | 38,78 % | 41,44 % |
| 350,00 % | 8,48 % | 14,16 % | 15,13 % | 14,98 % | 25,00 % | 26,72 % | 23,40 % | 39,07 % | 41,74 % |
| 400,00 % | 8,65 % | 14,35 % | 15,33 % | 15,27 % | 25,33 % | 27,06 % | 23,85 % | 39,57 % | 42,29 % |
| >400,00 % | 8,77 % | 14,48 % | 15,48 % | 15,48 % | 25,57 % | 27,32 % | 24,19 % | 39,95 % | 42,69 % |

**Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

| CAPACIDADE ECONÓMICA | Participación no custe do servizo de SAF básico |
|---|---|

| | |
|---|---|
| Menor de 0,80 IPREM | 0% |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | 20 % |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | 40% |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | 60% |
| Maior de 2,50 IPREM | 80% |

2. Sen prexuizo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

**Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Ares , en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

**Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

**Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

**Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborarase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

**Artigo 23º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº ... Completar de ... de ... de ..., e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor segundo o disposto na Lei Bases do Réxime Local (artigos 70.2 e 65.2).

**Anexo 1.**

**ACORDO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL**

Reunidos en Ares o día dunha parte D on/ Dona

en calidade de gardadora de feito de Don con DNI.

E doutra en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de Ares

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Ares prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día .
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará con carácter indefinido para as persoas usuarias de dependencia e para as persoas que acceden ao sistema por libre concorrencia de carácter indefinido salvo cambios substanciais no Programa de Atención Individualizada.
3. Que o Saf s eelvará a cabo os días de semana ; pro un total de horas mensuais.
4. Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, ao Decreto 149/2013, do 5 de setembro, á Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de ………… Euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de ………… % sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de ………… Euros, polo total de horas prestadas.

   Para libre concorrencia:

   Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de ………… Euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de ………… % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de ………… Euros, polo total de horas prestadas.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
   - ☐ Atencións de carácter persoal
   - ☐ Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)
   - ☐ Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo
   - ☐ Atencións de carácter doméstico e da vivenda
   - ☐ Atencións de carácter técnico e complementario
   - ☐ ------------------------------------------------------------
7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as recollidas no Pia.
8. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10.Que o servicio se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do de de 2014 de que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

11. Que nas dependencias do concello está a disposición das persoas usuarias un libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias.

12. Que co presente acordó se lle fai entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Ares a de de 2014.

A persoa usuaria O técnico responsable

**Anexo 2.**

## Data do proxecto:

| DATOS PERSOAIS DO/A USUARIO/A |
| --- |
| |

| | | |
|---|---|---|
| Nome e apelidos: | | |
| SERVIZO: S.A.F DEPENDENCIA ☐ LIBRANZA S.A.F ☐<br>S.A.F LIBRE CONCURRENCIA ☐ S.A.F PRIVADO ☐ | | |
| Enderezo: | | Concello: |
| DNI: | D.Nac: | E.C: |
| Telf: | Outros telf. de contacto: | |
| Núcleo de convivencia / situación socio-familiar | | |
| Data de ALTA | Data de BAIXA | |

| Grado e nivel de Dependencia (se procede) |
|---|
| |

Copia entregada ó usuario

DATOS DO SERVIZO A PRESTAR A________________________________

AUXILIAR ASIGNADA:

DÍAS DE ATENCIÓN

| | |
|---|---|
| Nº de Horas Mensuais | |
| Nº de horas Semanais | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

HORARIO DO SERVIZO

| HORARIO | Mañá | Tarde | Noite |
|---|---|---|---|
| Días laborais | | | |
| Fins de semana e festivos | | | |

PLAN DE TRABALLO

**Prestacións de carácter persoal**

| | Erguer | Deitar |
|---|---|---|
| Colabora | | |
| Non colabora | | |
| Con familiar | | |
| Con axudas técnicas | | |

| ASEO | Diario | Anotacións |
|---|---|---|
| Na cama | | |
| No baño | | |
| Con familiar | | |
| Apoio | | |

Vestir ☐ Calzar Peinar

Outros arranxos

Comidas ☐ Medicación ☐ Mobilidade dentro do fogar (deambulación)

| | |
|---|---|
| Facer | |
| Dar | |

| | |
|---|---|
| Supervisar | |
| Administrar<br>* casos excepcionais | |

| | |
|---|---|
| Colabora | |
*"PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A APLICACIÓN DO CONVENIO DGT-FEMP SOBRE CAMBIO DE DOMICILIO NOS REXISTROS DE CONDUTORES E VEHÍCULOS DA DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO:*

***1/ Os expedientes que poderán ser presentadosno Concello, ÚNICAMENTE POLOS TITULARES, son os seguintes:***

***Cambio de domicilio no Rexistro de Condutores da DXT (a efectos de notificacións sobre trámites relativos ao permiso de conducion).***

***Cambio de domicilio de vehículo/s no Rexistro de Vehículos da DXT, a efectos do imposto municipal de circulación, xa que o domicilio do vehículo determina o concello no que se deberá pagar cada ano o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.***

***2/ Ámbolos dous trámites son de balde para o cidadán, que poderá realizar un ou os dous, tachando o cadro ou cadros correspondentes da solicitude.***

***3/ O procedemento é o seguinte:***

***O funcionario do concello deberá selar de entrada a solicitude, identificar aos solicitantes (DNI ou NIE) e comprobará que o novo domicilio é exactamente o mesmo que consta no padrón municipal. Asi mesmo, o interesado debe encher tódolos campos correspondentes da solicitude.***

***O concello escaneará únicamente as solicitudes e enviaraas ao correo electrónico da Xefatura: domicilios.iptc@dgt.es ou, de non ser posible utilizar esta vía, remitiranse***

*as solicitudes, sen achegar documentación adicional ningunha, en sobre pechado e por correo ordinario, ao enderezo seguinte:*

*XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO*

*(SECCIÓN DE XESTORÍAS)*

*Rúa/ Doctor Moragas, 10*

*15006 A CORUÑA*

*Recibida a solicitude, a Xefatura de Tráfico anotará nos Rexistros de Condutores e Vehículos os cambios de domicilio solicitados pero non se expide novo permiso de conducion nin de circulación ao solicitante xa que actualmente o domicilio non figura entre os datos que deben constar nos permisos.*

*Desde a Xefatura enviarásselle unha carta comunicando o cambio realizado no seu historial e a data de efectos.*

*Ao non expedirse autorización nova en ningún dos dous supostos, o solicitante deberá seguir circulando co permiso de conducion e o permiso de circulación que tivese ata esa data, aínda que teña o domicilio antiguo.*

*Calquera dúbida ou incidencia sobre este asunto pregamos a comuniquen vía correo-e no enderezo domicilios.jptc(a)dgt.es ou no teléfono 981 28 83 77, extensión 120."*

Visto o asunto na Comisión Informativa pertinente, **o Pleno do Concello de Ares, por unanimidade, acorda:**

**Primeiro: Aprobar a ADHESIÓN AO CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO JEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS EN MATERIA DE SEGURIDAD VIAL, segundo o texto anteriormente transcrito, facultando ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do oporuno Convenio e a realización de cantos trámites sexan precisos para a formalización do mesmo.**

**Segundo: Aprobar o *PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A APLICACIÓN DO CONVENIO DGT-FEMP SOBRE CAMBIO DE DOMICILIO NOS REXISTROS DE CONDUTORES E VEHÍCULOS DA DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO*, segundo o texto anteriormente transcrito, facultando ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do oporunoProtocolo-Convenio e a realización de cantos trámites sexan precisos para a formalización do mesmo.**

## CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

**PUNTO NÚM. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidad eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.**

Interven o Sr. Mesias Farías, manifestando que nos presentamos unha moción que tiña que vir na orde do día, e esa Moción presentada en tempo e forma non ven na Orde do Día, polo tanto nos queremos saber o porque se esta a incumprir o Regulamento porque no artigo 22 do regulamento referente as mocións dice "....presentadas con anterioridade á convocatoria da sesión trataranse estas, en caso contrario deberanse tratar pola vía de urxencia" polo cal a nosa Moción entrou como ten que entrar antes de que se convocase o Pleno ademáis notificamos na Xunta de Voceiros que íamos a meter esa Moción, hai un precedente ademáis dunha Moción que meteu o Partido Socialista no Pleno de hai dous meses onde o Voceiro do Partido Popular pediu que fose pola vía de urxencia porque non se levou a Xunta de Voceiros, e nos dixemos que non ten que ir pola vía de urxencia porque se rexistrou antes de entrar no Pleno, polo tanto ten que entrar no Pleno, nos non sabemos porque non se esta a cumprir o regulamento e sobre todo porque no anterior punto, vostede na Xunta de Voceiros dixo que na Xunta de Voceiros se trataban os puntos que ían na Orde do Día, e aqueles que non se trataban alí non ían na Orde do Día, e resulta que o punto número catro non foi á Xunta de Voceiros.

Sr. Alcalde: Emilio a cuestión de Orde se pide e se espera que o Alcalde o de, e dicir se di cuestión de Orde, e se espera que eu a de ou non a de, non se di cuestión de Orde e xa interves, cando prantexas unha cuestión de orde o fas a Presidencia, e a Presidencia a admite ou non a admite, en consecuencia respecto do punto catro, o punto catro foi a Comisión Informativa, encontes se dictamina e ven a Pleno, o tema o dixemos mil veces, nos manexamos a Xunta de Voceiros as veces tamén como Comisión Informativa e outras veces non, se o tema vai a Comisión Informativa pois xa vai directamente a Pleno e vai loxicamente a xunta de voceiros as veces sen pasar por

Comisión Informativa tamén o aceptamos, simplemente é un tema de flexibilidade e axilidade, que efectivmamente non afecta máis que á forma e nese sentido o fondo sempre está aquí que podes intervir e debatir, en consecuencia diseches na Xunta de Voceiros que tiñas unha Moción e que a ias a presentar, eu te dixen que loxicamente as Mocións había presentalas antes da Xunta de Voceiros, e ti me diseches, pois a meto pola vía de urxencia, en todo caso como sempre tes o recurso da vía de urxencia a metes pola vía de urxencia e san se acobou, pero efectivamente volvemos sempre ó mesmo, e é que nos guste ou non, e maxime coa reforma que propiciou o Partido Popular a xestión que se propicia no ámbito da normativa é moi Presidencialista e nese presidencialismo o Alcalde e quen fai a orde do día, e se non queremos que o Alcalde faga a Orde do día se modifica a Lei, entonces a Lei esta vixente, e eu fago a Orde do Día, e nese sentido te invito a que a presentes pola Via de Urxencia e a debatimos que non pasa absolutamente nada.

Sendo as dez horas e coarenta e catro minutos do día ó comenzo sinalado abandonan o Salón de Sesións os membros do Grupo Municipal do BNG.

a) **PSdeG-PSOE: Canon de Bibliotecas.**

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

**"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES SOBRE O CANON DE BIBLIOTECAS**

De acordó co previsto no Reguiamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A propiedade intelectual ten cabida e recoñecemento no artigo 33.1 da Constitución, corresponde aos poderes públicos artellar un sistema legal que permita aos autores ver debidamente retribuido o seu traballo e, ao mesmo tempo, garantir o dereito da cidadanía de acceso á cultura.

España, como os demais membros da Unión Europea, vén obrigada á transposición da Directiva 2006/15/CE na que figura o mandato de implantar un canon por préstamo bibliotecario, tal como xa existe nalgúns estados europeos desde a primeira metade do pasado século (1943).

Este canon grava a todas as bibliotecas públicas, incluidas as municipais que son as máis utilizadas no noso país o que supon unha eiva económica no acceso a elas. Por tal motivo, corresponde ás autoridades de cada Estado membro acadar a fórmula máis idónea para harmonizar o lexítimo dereito dos autores co dereito fundamental á educación e á cultura de toda a cidadanía.

Non obstante, o Real Decreto 624/2014, de 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración ós autores polos préstamos das súas obras, realizados en determinados establecementos accesibles ó público, non ten presente a precariedade orzamentaria dos concellos, e a situación precaria das bibliotecas públicas necesitadas de recursos e con graves dificultades até para manter e conservar os seus fondos e instalacións.

Ademáis non se pode descoñecer que a industria cultural do libro comporta o 38,1 % do total da achega da cultura ao PIB español e, sen dúbida, as bibliotecas son un elemento fundamental para o desenvolvemento desa actividade editora.

Na regulación aprobada o canon non será pagado polos usuarios das bibliotecas. No seu lugar farano as administracións públicas titulares das bibliotecas, o que supon un gran gasto engadido nun momento económico e orzamentario de especial dificultade para as entidades locáis.

Polo tanto, resulta necesario que o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no eido das súas competencias, incrementen as partidas orzamentarias destinadas á rede de bibliotecas públicas incorporando unha partida específica para facer fronte ao canon por préstamo bibliotecario,

tras acadar un compromiso coas entidades xestoras dos dereitos dos autores no senso de destinaren unha parte relevante deses ingresos a funcións de carácter social (bolsas, asistencia...) e á adquisición de novos fondos bibliográficos dentro dos límites que se determinen.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN:** O Pleno Municipal insta o Gobernó Galego para que:

Iº) Se dirixa ao Gobernó central e lie solicite que nos orzamentos para o ano 2015 e progresivamente nos vindeiros exercicios, aumente a partida orzamentaria para a adquisición e a renovación de fondos por parte das bibliotecas públicas e asuman, así mesmo, unha partida específica suficiente para sufragar o canon por préstano bibliotecario e que, en todo caso, cubra a totalidade do canon nos municipios de menos de 50.000 habitantes.

2º) Requira do Gobernó de España que tamén incorpore aos orzamentos para o ano 2015 unha partida específica para colaborar no pago de dereitos que teñen que levar a cabo os museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas e filmotecas de titularidade pública, así como por parte de todas aquelas entidades culturáis, educativas e científicas que se determinen.

3º) Na Conferencia Sectorial de Cultura propoña a revitalización do Plan de fomento da lectura e para que demande do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a elaboración dun plan de apoio ás bibliotecas dos pequeños municipios en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.

4º) No exercicio das súas competencias, aprobé unha partida específica nos orzamentos da comunidade para apoiar ás bibliotecas públicas galegas, singularmente ás municipais, colaborando coas demais administracións públicas no pago do canon por préstamo, e reforzando a adquisición de novos fondos, e a conservación dos existentes.

5º) Elabore un programa específico de fomento e apoio á industria do libro e a lectura."

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 6 votos a favor do Grupo do PSdeG-PSOE, 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e 1 abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

**b) PSdeG-PSOE: REFORZAMENTO DO FINANCIAMENTO PÚBLICO DESTINADO A GARANTIR O DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DO PROGRAMA EUROPEO DE AXUDA ALIMENTARIA ÁS PERSOAS MAIORES NECESITADAS.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

**"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES INSTANDO AO GOBERNÓ DE ESPAÑA A REFORZAR O FINANCIAMENTO PÚBLICO DESTINADO A GARANTIR O DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DO PROGRAMA EUROPEO DE AXUDA ALIMENTARIA ÁS PERSOAS MÁIS NECESITADAS.**

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise económica e as políticas de recortes de dereitos en sanidade, educación e política social levadas a cabo polo Gobernó de España están a contribuir a ampliar a desigualdade social. Ante esta dramática situación, faise absolutamente necesario reforzar, por parte das Administracións Públicas, a atención directa aos cidadáns que se encontran en situación de pobreza ou exclusión social.

Un dos instrumentos eos que conta o Gobernó de España é o Plan de axuda alimentaria aos máis necesitados (PEAD), establecido pola Unión Europea e xestionado a través do Fondo Español de Garantía Agrícola (FEGA). Este Plan trata de poner a disposición das persoas necesitadas, de forma gratuita, alimentos básicos de calidade.

No Plan do ano 2013 a asignación correspondente a España ascendeu a 85,6 millóns de euros. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), responsable da execución do Plan, comprou mediante un procedemento de licitación un total de 80 millóns de quilos de alimentos: aceite de oliva, legumes (lentellas e garavanzos), arroz, leite UHT, queixo, macarróns, fariña, galletas, froita en conserva sen azucre engadido, feixóns verdes en conserva, tomate frito, cereais infantís e potitos. Segundo información do FEGA, esta cesta de 14 produtos, de doado transporte e almacenamento, pouco perecedoiros e, sobre todo, de carácter básico, permitía preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluidos bebés.

En 2013 Cruz Vermella Española e a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), designadas polo FEGA, distribuíron en todas as provincias o total dos alimentos, nunha proporción do 50% cada unha, a máis de 9.000 entidades benéficas que, á súa vez, atenden a máis de 2.000.000 de persoas cuxa situación económica ou familiar de necesidade, lies impedía adquirir alimentos de forma regular.

Para a execución do Plan 2014 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do FEGA, comprou mediante un procedemento de licitación pública os seguintes alimentos: arroz, lentellas, leite UHT, macarróns, galletas, feixóns verdes en conserva, tomate frito, leite de continuación e potitos.

Apreciase unha significativa redución do número de produtos da cesta básica, que pasa de 14 en 2013 a só 9 en 2014. Desaparecerán alimentos tan importantes como o aceite, os garavanzos, o queixo, a froita en conserva sen azucre engadido e os cereais infantís. A pesar diso, o propio FEGA, sostén que esta cesta permite que as persoas desfavorecidas poidan preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluidos bebés.

É evidente que se produciu unha mingua significativa na calidade e variedade dos produtos básicos que integran a cesta. Pero ademáis, numerosas organizacións están a denunciar unha importante diminución na cantidade de alimentos que se están a repartir.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ares somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao Goberno de España a:

**SOLICITA:**

1) Reforzar o financiamento público destinado a garantir ás persoas máis necesitadas alimentos básicos de calidade, a través dos Presupostos Xerais do Estado, no marco de políticas de cohesión para a inclusión social e o apoio aos servizos sociais de integración prestados polas administracións públicas e entidades asociativas colaboradoras para a atención dos colectivos afectados.

2) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios unha cantidade de produtos básicos suficiente para cubrir as súas necesidades.

3) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios

unha calidade e variedade de produtos igual ou superior á que ofreceu o Plan de 2013."

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, 4 votos en contra do PP e 1 abstención de NAL, acorda presentarlle a súa aprobación a Moción antes transcrita.

**c) PSdeG-PSOE: SUBSIDIO POR DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN AS PERSOAS QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMO A OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECIFICAS DE INSERCIÓN.**

Dase conta da Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Ares, do seguinte teor literal:

**MOCION QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A ESTENDER O SUBSIDIO POR DESEMPREGO AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMO A OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECIFICAS DE INSERCIÓN.**

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

**EXPOSICIÓN** DE **MOTIVOS**

A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias día a día váiase esgotando.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das cales só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación. O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que "todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo".

Para as persoas desempregadas que, malia a súa vontade, se ven impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispon que "Os poderes

públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. "

Segundo a Enquisa de Poboación Activa referida, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademáis do dereito ao traballo, tamén se lies conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supon unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas délas son persoas en desemprego de longa duración con responsabilidades e sen ningún tipo de ingreso económico. Segundo a Enquisa de Poboación Activa mencionada, máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros no paro e carecen de todo tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar, ademáis, que esta pobreza tan severa e sobrevida a estean a padecer de forma moi directa os nenos e nenas eos seus proxenitores no paro. Os organismos intemacionais como UNICEF estima en máis de 2 millóns o número de nenos e nenas españois en situación de pobreza.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De ai que os poderes públicos, de acordó co inequívoco mandato do art.° 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

Levamos máis de seis anos de profunda crise e, segundo as previsións de organismos intemacionais e do propio Gobernó, nin tan sequera en 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente en 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuáis, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuíu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Gobernó asestou á protección por desemprego a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, e do Real Decreto-lei 23/2012, do 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58 por cento das persoas desempregadas inscritas ñas oficinas de emprego. Se se continúa coa mesma dinámica, ao final de ano o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesar de que a cifra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro continúa en niveis intolerables.

Agora ben, ademáis destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren a desprotección e teñen serias dificultades para encontrar emprego. Son as mulleres vítimas de violencia, as persoas con minusvalidez e as persoas maiores de 45 anos que, unha vez que esgotaron a Renda Activa de Inserción, non teñen acceso a ningunha prestación.

O Grupo Socialista, a través desta Proposición non de Lei, e en consonancia co acordó alcanzado coas Organizacións Sindicáis UGT e CC.OO. na Mesa de Diálogo Social que por fin abriu o Gobernó, insta a este a ampliar a protección por desemprego, a través do subsidio por desemprego, regulado na Lei da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño (LGSS).

Trátase dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta profunda e prolongada crise.

A través desta Proposición non de Lei esixese que se garanta o dereito constitucional a unha protección por desemprego mediante o acceso ao subsidio por desemprego a todas as persoas que leven máis dun ano inscritas como paradas, sempre que teñan responsabilidades familiares e carezan de ingresos. E tamén se estende ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas con minusvalidez e ás persoas maiores de 45 anos que tivesen esgotado a Renda Activa de Inserción, dada a súa especial vulnerabilidade e dificultades de inserción.

O subsidio concederase por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples Mensual (IPREM), vixente en cada momento, na actualidade 426 euros mensuais. Dado que este subsidio non está vinculado a anteriores cotizacións senón á carencia de rendas superiores ao 75 por cento do SMI, a súa contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaría seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Agora ben, a devandita contía aumentarase en cen euros cando houbese fulos ou filias menores de idade.

Tamén instamos ao Gobernó a que financie a contratación de técnicos e técnicas de emprego polos Servizos Públicos de Emprego, co fin de reforzar a atención individualizada, e así facilitar a incorporación ao emprego das persoas en desemprego de longa duración, dadas as súas dificultades de inserción.

Estas medidas debe adóptalas o Gobernó de forma inmediata e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas en desemprego con responsabilidades familiares.

Agora que o Gobernó anuncia o cambio de conxuntura económica non é posible deixar as principáis vítimas da crise en desamparo, coma se se tratase dunha xeración esquecida.

É necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas de protección e de activación do seu empleabilidad.

As medidas que proponemos poderían alcanzar máis dun millón de persoas paradas, na súa maioría con responsabilidades familiares, que nestes momentos non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo ¡so, **o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ares somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao Gobernó de España a:**

1. Modificar, de forma inmediata e con carácter urxente, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, para que, a partir do 1 de agosto de 2014, se amplíe a protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se encontrasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude do dereito á admisión ao devandito Programa.

Este subsidio concederase por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples mensual vixente en cada momento. Esta contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaría seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementarase en 100 euros por menor. A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

3. O Gobernó implementar de xeito inmediato coas Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

4. Este Plan incluirá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novos técnicos e técnicas de emprego para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, deberá alcanzar as 3.000 persoas expertas en orientación e promoción de emprego."

**O Grupo Municipal do Partido Popular a través do seu Voceiro Sr. Sixto Galiano, presenta a seguinte Emenda Transacional seguinte:**

"Instar os gobernos do Estado e da Xunta de Galicia a que continúen desenvolvendo políticas que fomenten o crecemento económico a creación de emprego, a protección das persoas desempregadas, en especial daqueles colectivos que se atopen con máis dificultades para reformar o mercado de traballo".

O Sr. Alcalde, pregunta se eso se engade como un punto máis o que nos temos.

Resposta o Sr. Sixto Galiano que sí.

Sometida a votación a Moción do PSdeG-PSOE, co engadido do Partido Popular o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 4 PP) e 1 abstención de de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación.

**d) PSdeG-PSOE: RECORTES DA LEI DE DEPENDENCIA E SOLICITANDO MÁIS ORZAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES EN CONTRA DOS RECORTES NA LEÍ DE DEPENDENCIA E SOLICITANDO MÁIS ORZAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA**

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

Exposición de motivos:

Durante o gobernó de José Luis Rodríguez Zapatero aprobouse a Leí 39/2006, do 14 de decembro, denominada de "Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia", e coñecida como a Leí de Dependencia. Esta lei foi aprobada cun alto grao de acordó das forzas políticas parlamentarias, ademáis de contar coa participación das comunidades autónomas, as entidades locáis, os axentes sociais e o movemento asociativo. España avanzaba con esta Lei cara á consolidación do estado social e democrático de dereito que proclama a nosa Constitución, xa que nos encontramos ante unha norma legal cunha enorme transcendencia, posto que se vai ocupar de regular a protección da dependencia, á que se cualifica como o "cuarto piar do Estado do Benestar". E debe recoñecérselle a conveniente importancia, porque a dependencia foi unha materia á que só

indirectamente se prestara atención mediante diferentes prestacións enmarcadas fundamentalmente no ámbito de protección do sistema de Seguridade Social (pensións por grande invalidez ou invalidez non contributiva).

A Lei recoñece o dereito subxectivo das persoas que non poidan valerse por se mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, un dereito universal para toda a poboación con garantía pública. Para poñelo en marcha establecíase a cooperación de todas as administracións implicadas e creábase o Sistema para a Autonomía á Dependencia, que contaba cun calendario de implantación que se analizaría de forma gradual ata 2015.

Ata novembro de 2011 o Sistema foise implantando segundo o previsto. Naquel momento, un 80,7% de persoas beneficiarías enquisadas consideraban positiva ou moi positiva a atención que recibían. En decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual Gobernó presidido por Mariano Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da lei, impedindo ás persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo.

Nos primeiros Presupostos Xerais do Estado que elaborou o Gobernó do Partido Popular, e correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros. Nos anos 2013 e 2014 o gobernó de Mariano Rajoy volveu a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de Dependencia

O Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaha e de fomento da competitividade introduciu numerosas modificacións na regulación do Sistema que causaron enorme prexuízo ás persoas en situación de dependencia. Entre elas destacan:

- A supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao.
- A redución nun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo.
- A redución nun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar.

- A revisión da regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais, cuxas cotizacións pasan a ser exclusivamente ao seu cargo.

— A aplicación dun prazo suspensivo de ata dous anos para as novas prestacións económicas por coidados no ámbito familiar.

— Unha nova revisión do calendario para atrasar aínda máis a entrada de dependentes moderados.

— A introdución dun réxime de incompatibilidades das prestacións.

— A exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar.

A iso hai que engadir que a Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordó do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, aproba os criterios e contidos sobre capacidade económica e participación do beneficiario no custo das prestacións para a autonomía e

atención á dependencia. Os novos criterios, aínda non publicados mediante Real Decreto, suponen un importante incremento do copagamento. Pero ademáis, permítese ás comunidades autónomas establecer unha maior participación do beneficiario no custo dos servizos e das prestacións económicas; medida á que desgraciadamente se sumou o gobernó da Xunta de Galicia.

En definitiva, o Gobernó do Estado reduciu o contido esencial do dereito e realizou importantes recortes orzamentahos, co dramático resultado de que os beneficiarios están a recibir servizos e prestacións claramente insuficientes; ao tempo que se encontran sen atender centos de miles de persoas en situación de dependencia.

Polo que respecta ao financiamento estatal do Sistema hai que destacar o enorme retroceso que sufriu: de soportar o 40% do custo do sistema no ano 2009, a Administración Xeral do Estado pasou a facerse cargo do 19% en 2013. Neste período, a achega das comunidades autónomas tamén sufriu modificacións, e o copagamento das persoas usuarias duplicouse.

A esta política de desmantelamento do sistema de dependencia impulsada polo Gobernó de Mariano Rajoy temos que engadir a compracencia do Gobernó de Galicia, que lonxe de tratar de frear o impacto destes recortes das persoas usuarias traballou para situar a Galicia entre as comunidades autónomas cun comportamiento peor en todos os parámetros:

— A media do gasto público de persoa dependente atendida en Galicia é de 6.515 euros, fronte aos 6.979 euros de media do Estado; e moito por debaixo doutras comunidade autónomas do norte con semellante distribución demográfica que chegan 8.057 euros.

— O gasto en dependencia por habitante e ano é en Galicia de 91,92 euros; a metade que en Cantabria, por exemplo, e un 16 % menos que no conxunto do Estado en valores absolutos.

— Desde o ano 2011 non deixan de descender as persoas con dereitos a prestacións recoñecidas, se daquela estábamos en 89.640 persoas, o cómputo total de 2013 é de 56.835 persoas con dereito recoñecido das cales máis de 18.000 seguen no limbo, é dicir, sen recibir ningún tipo de prestación.

En definitiva, coa chegada do Partido Popular ao gobernó do estado, na práctica, estase a baleirar de contido o dereito á promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

Ademáis, de estarse a vulnerar o principio de igualdade, xa que non existe un contido mínimo común de dereito, e os principios inspirados do Sistema: carácter público das prestacións, universalidade, equidade e accesibilidade, están claramente cuestionados.

As decisións dos gobernos do Estado e de Galicia leváronnos a unha situación na que resulta evidente a necesidade de reformular o Sistema. Existe un alto grao de consenso entre responsables políticos de todos os ámbitos, profesionais e beneficiarios respecto a que, neste momento, é necesario intervir **para garantir de** forma efectiva **o dereito** das persoas en situación de dependencia; e para iso debe crearse un grupo de traballo específico **eos** representantes dos grupos parlamentarios, que realice unha avaliación sobre a lei, as modificacións levadas a cabo, a súa aplicación, os seus resultados, así como para analizar que medidas son necesarias para manter e garantir a sostibilidade do Sistema.

**Por todo** iso, **o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ares somete a votación a seguinte MOCIÓN:**

1. Amosar o máis enérxico rechazo do Concello de Ares aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro e coñecida popularmente como Lei de Dependencia; xa que están a producir un sufrimento inmerecido a milleiros de galegos e galegas.

2. Instar ao gobernó da Xunta de Galicia para que:

— Se estableza as partidas necesarias **nos** orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, superior á media do Estado e se equipare coa das comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que Galicia.

— **Que sexan** atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lies corresponde.

3. Instar ao Gobernó do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo dealcanzar un ampio acordó para garantir **a** sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia. Para įso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia."

Sometida a Moción a votación, o Pleno do Concenllo por 6 votos a favor, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e 4 votos votos en contra de PP e unha abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

Acto seguinte pola Alcaldía-Presidencia, Pola Vía de Urxencia, sometese á consideración do Pleno a inclusión na Orde do Día, do seguinte punto: **"Aprobación proxecto básico e de execución de Reparación e renovación do parque Rosalía de Castro".**

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL) e 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P., acorda ratifica-la urxencia e en consecuencia a súa inclusión na Orde do Día, pasando o punto de Rogos e Preguntas ó núm. 8.

**Punto núm. 7.- APROBACIÓN PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.-**

Visto o proxecto básico e de execución de repración e renovación do parque Rosalí de Castro, redactado polos arquitectos N. Castelo Pérez e L.F. Cabezas Torrelo, cun importe de orzamento de contrata de 30.683,35 €, O Pleno do Concello por unanimidade dos Sres. Presentes o que supón a maioría legal dos membros da Corporación, acorda aproba-lo mesmo e solicitar subvención á Excma. Deputación de A Coruña a través da formalización do correspondente convenio.

**PUNTO NÚM. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de Rogos e Preguntas, intervén o Sr. Sixto Galiano, manifestando que esto máis que un rogo e unha denuncia, varios país do colexio lle comentaron que se comenzaron as clases sen estar o Centro de Secundaria pintado, no parque do colexio os columpios e o tobogán están rotos, hai cristais polo chan, o corcho esta levantado e segue a herba sen cortar, este é un rogo que nos fixeron varios país, o mantenimento volvo a repetir depende do actual goberno municipalm, non da Consellería.

En que situación están as alegacións do Plan Urbanístico.

No cruce de Chanteiro e a quinta persoa que me o dixo, e me supoño que tamén se o dirían a vostede, hai pasos de peóns laterais pero para cruzar, para o outro lado a rúa non hai paso de peons.

Que beneficios se os hai leva a xestión da auga, acabo de ver agora nas resolución da Alcaldía que hai horas extras cincocentos e pico euros dun traballador e outros cincocentos doutro,

E a última é unha queixa pola falta de democracia que padecemos aquí no Concello, e verdade o que di vostede que fixa a orde do día, e na orde do día fixa Mocións, e vostede decide unhas levalas a pleno e outras non levalas a Pleno a lei dí que con 48 horas de anteación se pode presentar unha Moción, non é de recibo que se diga que non se poden presentar máis mocións unha semana antes, polo tanto esto é unha queixa.

Resposta o Sr. Alcalde, en canto o Colexio, nosoutros periódicamente recibimos peticións por parte da dirección, que acometemos e que en ningún caso obstaculizan o inicio do colexio, a pintura exterior, en veran as obrigacións son sen dubida algunha numerosas e loxicamente nos vamos a pintar o colexio como xa se

pintou e nese sentido como fixemos o ano pasado, por certo é algo negociado non tiñamos obrigación, nos reunimos co Delegado de Educación, e dixo que él pagaba a pintura, e o Concello mostrou a sua boa vontade e nos poñemos a man de obra, e así se esta facendo, os recursos humans nun concello tan pequeno pois loxicamente son pequenos e temos que efectivamente repartir os traballos e os acabamos facendo, e que eu saiba non hai ningunha queixa da dirección, se a houbera terei que reunirme coa dirección e terei que explicarle a mín que é que me corresponde e o que non me corresponde.

En cando as alegacións do Plan de Urbanismo, resposta o Sr. Luis Cendan, simplemente dicir que están en fase de información, están en espera dos informes sectoriais e polo tanto non se poden concluir, polo demáis hai peticións que se fan dos veciños a través das alegaciones, e estamos pendentes de ter unha reunión coa Xunta a ver si se pode dar encaixe ainda que non sexan a todas polo menos a algunhas, mentres non veñan os informes Sectorais, o informe técnico por parte da empresa non o vai a facer porque pode variar, viñeron 5 e son dezasete ou dezaoito informes, eso xa depende das Administracións.

O Sr. Alcalde, resposta que o paso de peons que había efectivamente da estrada autonomica, que comunica con Mugardos pois efectivamente nunha das actuacións que fixo a Consellería pois efectivamente os eliminou, a razón é que estaban moi próximos os cruces e polo tanto había que buscar unha nova ubicación, xa temos a nova ubicación e como non é unha estrada municipal non o podemos pintar, eu lle dixen mil veces o de estradas que o pintaba o Concello, pero eles son moi celosos das actuacións nas súas estradas, e non queren que ninguen lles coloque ningún tipo de sinal, o paso de peons é unha sinal visual e en consecuencia se encargan eles co retraso conseguinte co que fan as cousas, teñen moitas estradas autonomicas e todo o teñen que facer como o facemos nos, con concursos, con contratacións, eu lles pedin que estivera antes de que se iniciara o periodo escolar, por unha sencilla razón, na Estrada de Chanteiro hai un paso de peons que comunica coa marquesina, onde esperan os nenos que van para o Colexio, e sen embargo na marquesina que esta en Besoxo, que podían esperar os nenos que van para o Instituto de Mugardos non hai posibilidade de cruzar, teñen que cruzar efectivamente hacia a zona da estrada de Chanteiro, como é loxico deberían ter un paso de peons para cruzar para o lado de Besoxo e logo ir hacia a marquesina ou hacia o Centro do pobo, polas beirarúas, evidentemente toda a sinalistica non é caprichosa está regulada nunha Lei Xeral de Tráfico, onde regula os requisitos que teñen que ter e efectivamente xa hai unha ubicación e vaise

proceder ó pintado, ¿cando? Eu creo que canto antes así me o fixeron saber e está claro que entre as administracións loxicamente hai boa fe, e estou convencido de que se vai a pintar, o Concello non o pode pintar porque a estrada non é de titularidade municipal e non o podemos facer.

En canto á xestión da auga nos recuperamos a xestión, o primiero beneficio e quitarse a Aquagest de encima, so hai que ver os xornais, e ver o que era es compañía, en calquer caso nos non temos Aquagest por que non estábamos contentos con eles, e esa é unha razón que implica un beneficio importante, que é quitarse unha empresa coa que non estar de acordo, como levaba as contas como as rendía e como efectivamente as xestionaba, nos a través da asunción da xestión pública tivemos que admitir a sucesión de empresa e admitir o persoal, o persoal que traballaba en Aquagest agora traballa para o Concello, sen ningún tipo de condicionante, se maña ven outro goberno que quere privatizar o servicio o privatiza e este persoal se vai para a nova empresa, nese sentido ese é un persoal vinculado o servicio, e punto, como vedes a xente que esta en Aquagest, segue facendo o que facia, non anda amañando beirarúas nin pintado estradas, segue adscrita o servicio, e maña ven outro Alcalde e quere privatizar, e se van efectivamente coa nova empresa, en consecuencia foi unha decisión política non foi apoiada polo Partido Popular, e nese sentido é normal, canda un considera oportuno o que ten que apoiar, nos estamos encantados de xestionar efectivamente ese servicio, ese servicio se está xestionando moi ben e nese senso non temos ningún problema e as horas obedecen a que é un persoal que xa as facía na súa antiga empresa, e nos os subrogamos coas mesmas condicións que tiñan na antiga empresa, ata que foran integradas na plantilla municipal coa aprobación dunha nova RPT, vamos a intentar aprobar a RPT antes de fin de ano co que xa queda regularizada súa situación e súa situación será a mesma que o resto dos traballadores do Concello e non a propia que tiñan efectivamente na empresa.

E en canto a queixa da falta de democracia non teño nada que dicir, nese sentido é unha queixa e a respeto pero non a comparto.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e nove minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE ARES (A Coruña) SECRETARÍA